



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O 29 DE DECEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Decreto polo que se establece o Plan de Máquinas de Xogo tipo B da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio para o Servizo Contraincendios e de Salvamento da Comarca do Salnés
- Decreto polo que se modifica o decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia para adaptalo á nova estrutura da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Barro, dos bens e dereitos necesarios para a realización do proxecto de mellora o contorno de Barosa
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Relacións Exteriores a Santiago Gómez-Reino Lecoq

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Decreto polo que se establece o currículo de ciclo formativo de grao superior, correspondente ao título de Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico



Clínico, o de Técnico en Procesos de Confección Industrial e o de Técnico Superior en Imaxe

- Decreto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia o Instituto de Educación Secundaria Fogar Provincial Príncipe Felipe da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Decreto polo que se dispón o cesamento como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela de Manuela López Besteiro.
- Decreto polo que se nomea a Manuel Puga Pereira presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Nova conexión da N-120 en Mos coa PO-331 en Porriño
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-411 Arteixo-Arteixo a prol de Concello de Arteixo
- Decreto polo que se dispón o cesamento de vogais do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se deroga o Decreto 195/1994, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións ás organizacións profesionais representativas do sector agrario.



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para a realización de determinadas accións derivadas da coordinación, execución e seguimento do I Plan Galego de Inclusión Social.
- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e a “Fundación Monte do Gozo” para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo “Proxecto Home” de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a modificación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Deputación de Ourense para o desenvolvemento dos proxectos PRISMA e MILIARIA no casarón en Valverde (Allariz).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga e addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a “Congregación de Irmáns do Sagrado Corazón de Jesús” para a reserva e ocupación de prazas no centro “Nosa Señora do Sagrado Corazón” en Betanzos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga e addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a “Fundación San Rosendo” para a reserva e ocupación de prazas nos centros de atención a persoas con discapacidade psíquica da entidade.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Manzaneda para a reserva e ocupación de prazas no centro de atención a persoas maiores “Gabino García” dependente do Concello.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para subscribir entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Allariz para o financiamento dun programa de atención a persoas con dependencia.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional ao convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e a Comunidade Autónoma de Galicia polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados para a realización de programas do Plan de Acción para Persoas Maiores.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das prórrogas aos convenios de colaboración asinados con distintas entidades das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra para o financiamento de prazas en centros de atención a persoas discapacitadas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Crecente, para a reserva e ocupación de prazas no centro de atención á terceira idade “Residencia Municipal San Pedro de Crecente”.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a entidade Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento do proxecto Mentor. Programa de incorporación de menores acollidos en centros ao mundo laboral e para o programa de desenvolvemento do programa de apoio a familias no seo das cales se produce violencia familiar.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a validación do incremento de gasto en materia de obras públicas relativo a “reparación danos en vivendas como consecuencia da execución das obras Construcción do Corredor do Morrazo”.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello do Barco de Valdeorras para a urbanización da rúa Portela e a execución dunha pasarela peonil en Viloría.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de cooperación suscrito entre a Xunta e o Concello de Santiago en relación coa construción dun pavillón polideportivo na Pontepedriña (Santiago de Compostela).



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato programa asinado o 1 de xaneiro de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato asinado o 1 de agosto de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Pública Autónoma Instituto de Medicina Técnica, S. A., para a xestión sanitaria e consultoría especializada.
- Acordo polo que se prorroga o contrato-asinado o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital do Salnés para prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.
- Acordo polo que se prorroga o contrato-asinado o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira para prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.
- Acordo polo que se prorroga o contrato-asinado o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital da Barbanza para prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.
- Acordo polo que se prorroga o contrato-asinado o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital de Verín para prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Universidade da Coruña e Fundación Universidade da Coruña para a realización do “Estudo sobre hábitos alimentarios da poboación galega”.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración en materia de asistencia sanitaria entre o Ministerio de Defensa, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e o proxecto de addenda a este mediante a que se regulamenta a prestación de asistencia sanitaria aos beneficiarios do Sergas polo Hospital Básico de Defensa de Ferrol para o 2006.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se determina o réxime de financiamento das obras “proxecto de selado do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Piñor e rexeneración do lugar (Santiago de Compostela), por un importe dun millón catrocentos mil seiscentos oitenta e catro euros con oitenta e tres céntimos, cun financiamento do 100% a cargo da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Alfoz para a realización dun sendeiro ambiental no contorno do río Ouro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Meaño para a realización do proxecto de senda paisaxística no río de Chanca.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Samos para a realización de infraestructuras no río Oribio.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Mondoñedo para a construción dun centro de interpretación xeolóxica e novos accesos á Cova do Rei Cintolo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Cee para a pavimentación da pista de acceso á planta de transferencia de residuos sólidos urbanos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello da Coruña para a execución das obras: “mellora dos colectores do río Mesoiro e ampliación e acondicionamento da rede de colectores na área de influencia do porto da Coruña”.
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, o organismo Autónoma Augas de Galicia e o concello de Guntín



para a execución das obras de “paseo fluvial no río Ferreira. 2ª fase” e “abastecemento en Lousadela e rede de pluviais en Guntín”.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo a establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da súa concesión e a establecer compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2006-2007 de programas experimentais en materia de emprego.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur-Lugo, S.A, para a electrificación da primeira fase do parque empresarial de Palas de Rei.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur-Lugo, S.A, para a electrificación da segunda fase do parque empresarial en Xermade.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 26 de outubro de 2005 entre o Instituto galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur-Lugo para as obras de explanación do parque empresarial de Xermade (2ª fase).
- Acordo de prórroga do convenio suscrito o 25 de xuño de 2004 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e Xestur Lugo, s. A, para a urbanización da 1ª e 2ª fase do parque empresarial de Monterroso.
- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga ao convenio asinado o 18 de setembro de 2001 entre o Instituto galego de Vivenda e Solo e Xestur-Coruña para a xestión do alleamento das parcelas do dito organismo no parque empresarial de Alvedro (Culleredo) e que foi obxecto de prórroga asinada o 19 de decembro de 2003.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao convenio asinado o 22 de xullo de 2004 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a sociedade Xestur-Pontevedra para a adquisición de terreos da terceira etapa, fase A do solo residencial de San Paio de Navia (Vigo).



O CASARÓN DE VALVERDE ACOLLERÁ UN CENTRO SOCIAL E UN CENTRO DE DÍA PARA OS MAIORES DO CONCELLO DE ALLARIZ

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliar os usos do inmoble, así coma os colectivos aos que se dirixen os proxectos que se van desenvolver no edificio*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a modificación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Deputación Provincial de Ourense de cara a reprogramar o aproveitamento e os usos do casarón de Valverde, en Allariz, que pasará a acoller un centro de día para os maiores do Concello, así coma un centro social.

No anterior convenio, subscrito entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e a Deputación, posibilitábase a cesión de uso deste inmoble para o desenvolvemento dos proxectos Prisma e Miliaria, que teñen por obxecto o desenvolvemento integral dos mozos cara á súa total autonomía e independencia, e a promoción económica e social dos núcleos transfronteirizos. Coa modificación aprobada hoxe, este obxectivo non varía, senón que se amplían os colectivos aos que se destinan: mozos con déficits de formación e dificultades de inserción sociolaboral de Allariz e da súa comarca, residentes en Valverde, e persoas maiores.

Novo edificio para o centro de día

Ademais dos usos recollidos no proxecto inicial, inclúense na nova reprogramación un centro social e un centro de día, optimizando así o aproveitamento do inmoble. O centro de día, que dará atención aos maiores do concello, estará situado nunha nova edificación que se engadirá ao conxunto arquitectónico.

Con este fin, modifícase a aplicación orzamentaria establecida no anterior convenio. O importe total dos gastos de rehabilitación do edificio é de 1.311.495,98 euros, que se distribuirán en anualidades correspondentes aos exercicios do 2005 e do 2006.



VICEPRESIDENCIA E CRUZ VERMELLA COLABORARÁN NUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO

- *O Consello da Xunta autorizou tamén a sinatura de convenios da Vicepresidencia en materia de inclusión social e atención a maiores, menores e discapacidade*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella Española en Galicia para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito. O obxecto desta iniciativa é establecer un marco de colaboración para procurar a integración na sociedade das persoas que non teñen fogar, a través dos servizos sociais existentes nos termos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela, así coma dos equipos de intervención creados para desenvolver este programa. Para a realización das actividades obxecto do convenio, a Vicepresidencia achegará a cantidade de 328.766 euros. Nesta materia, a área que dirixe Anxo Quintana ten intención de continuar desenvolvendo un programa integral onde teñan cabida todas as formas de intervención precisas para minimizar os danos asociados á condición de persoas afectadas por situacións de necesidade, enfermidade ou discapacidade.

En materia de inclusión social, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura doutros dous convenios da Vicepresidencia. O primeiro deles establece a colaboración entre este departamento e a Universidade da Coruña para a realización de accións derivadas da coordinación, execución e seguimento do Plan Galego de Inclusión Social, que ten por obxecto combater as causas que impiden o acceso ao mercado de traballo das persoas en situación de risco e exclusión social. A partida da Vicepresidencia é de 889.830 euros a cargo dos orzamentos do 2006. O segundo convenio aprobado neste campo subscribírase coa Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogodependentes. O importe destinado ao programa ascende a 186.910 euros.

Plan de Acción para as Persoas Maiores

No Consello desta mañá, tamén se autorizou a sinatura dun protocolo adicional ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados para a realización de programas do Plan de Acción para Persoas Maiores no exercicio do 2005. Dos máis de 12 millóns de euros que se destinaron por esta vía ao desenvolvemento de programas e servizos enmarcados no Plan de Acción para as Persoas Maiores e ao desenvolvemento de iniciativas dirixidas á atención de enfermos de Alzheimer e



outras demencias, 6.341.988 euros parten dos orzamentos galegos, asumindo o Ministerio de traballo a mesma cantidade.

No relativo a atención aos maiores, aprobouse tamén a sinatura dunha prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta e o concello de Crecente para a reserva e ocupación de prazas na Residencia Municipal San Pedro de Crecente, destinando con este fin 171.182 euros; así coma outra prórroga do convenio co Concello de Manzaneda onde se recolle tamén a reserva e ocupación de prazas no centro de atención a persoas maiores "Gabino García", que depende deste municipio, cunha partida de 201.409 euros. Pola súa banda, asinarase a colaboración co Concello de Allariz para o financiamento dun programa de atención a persoas con dependencia por importe de 188.685 euros.

Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector

Por outra banda, o Goberno galego autorizou a sinatura de dous convenios entre a Vicepresidencia e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector. Un deles fai referencia á colaboración para o desenvolvemento do Programa Mentor, de incorporación de menores tutelados ao mundo laboral. O custo total deste programa para o exercicio do 2006 ascende a 749.000 euros. A Vicepresidencia contribuirá ao seu desenvolvemento coa cantidade de 187.250 euros e o resto será achegado polo Fondo Social Europeo. O outro convenio establecerá o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector para o desenvolvemento por parte desta entidade do Programa de apoio a familias no seo das cales se produce violencia familiar. A partida con este fin será de 185.384 euros con cargo aos orzamentos do 2006.

Atención á discapacidade

No relativo a atención a discapacidade, aprobáronse hoxe as prórrogas aos convenios de colaboración asinados con distintas entidades das provincias de Pontevedra, Lugo e A Coruña para o financiamento de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade. Dentro deste grupo, en Pontevedra, cun investimento total de 750.284 euros, prorróganse os convenios coa Fundación Menela para o centro "Castro Navas" de Nigrán, coa Asociación Agasfra para o centro ocupacional de Vigo, e coa Asociación Aspanaex para un centro ocupacional e para un centro asistencial, ambos en Vigo. En Lugo, cun investimento global de 554.162 euros, prorrogáranse os convenios coa Asociación Aspanais para o centro ocupacional "Manuel Millán", para o centro asistencial "José López" e para o centro residencial "Concepción Teijeiro Revilla"; ademais da colaboración coa Cruz Vermella Española para o centro de atención a paráliticos cerebrais de Castro de Rei. Na provincia da Coruña prorróganse os convenios coa Asociación Apader para o centro ocupacional de Cedeira, coa Asociación Aspaber para o centro asistencial de Carballo, coa Asociación Aspanaes para un centro asistencia e para o centro residencial San Pedro



de Leixa en Ferrol, con Aspronaga para o centro residencial Ricardo Baró de Oleiros, con Aspas para un centro ocupacional en Santiago de Compostela, coa Asociación Nosa Señora de Chamorro para o centro asistencial de Narón, coa Fundación Adcor para un centro ocupacional, e coa Asociación Aspace para o centro residencia de gravemente afectados e para o centro asistencial de Sada. O importe destas prórrogas fai unha suma total de 1.815.315 euros.

Coa finalidade de reserva e ocupación de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade psíquica, aprobouse a prórroga ao convenio coa Fundación San Rosendo e unha addenda coa ampliación de 18 prazas, para o que se destinarán 478.624 euros. Nesta liña, autorizouse ademais a prórroga de convenio coa Congregación de Irmáns do Sagrado Corazón de Jesús para a reserva e ocupación de prazas no centro "Nosa Señora do Sagrado Corazón" de Betanzos, así coma a addenda para 12 novas prazas, por 534.807 euros.

Por outra banda, tamén se prorrogará para o exercicio económico do 2006 o convenio entre a Vicepresidencia e a Asociación Aspanas para a atención a persoas con discapacidade no centro ocupacional que esta entidade ten en Ourense, por un total de 320.493 euros.



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

O Consello da Xunta de Galicia deu esta mañá o visto e prace ao decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Entre as súas competencias figura prestar apoio e asistencia á Presidencia da Xunta, desenvolver as funcións sobre función pública, calidade e avaliación das políticas públicas e as relacións entre a Xunta e o Parlamento galego. Ademais, este departamento autonómico debe prestar asistencia á administración de xustiza e á administración local, con funcións sobre réxime interior, colexios profesionais, policía autonómica, coordinación das policía locais, casinos, xogos e apostas, seguridade, asociacións, espectáculos públicos e protección civil.

Ademais do conselleiro, integran a estrutura da consellería a Secretaría Xeral; sete direccións xerais (Función Pública, Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, Relacións Parlamentarias, Xustiza, Interior, Protección Civil e Administración Local); catro delegacións provinciais; e dous organismos autónomos (EGAP e o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia –CEXESGA-). Ademais, queda adscrito organicamente a esta consellería o Instituto de Medicina Legal de Galicia. Os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta dependerán funcionalmente da Presidencia e organicamente da Consellería de Presidencia (a Secretaría Xeral de Presidencia e as secretarías xerais de Análise e Proxección, de Comunicación, de Relacións Exteriores, de Emigración, e de Política Lingüística).

Segundo se recolle no decreto, as unidades administrativas da Secretaría Xeral serán unha Vicesecretaría Xeral e as subdireccións xerais de Servizos Xerais; de Xestión Económica e Persoal; de Contratación; e de Atención ao Cidadán e Rexistros.

Á Dirección Xeral de Función Pública correspóndelle a execución da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia. Coordinará a actuación dos órganos competentes en materia de persoal das distintas consellerías e organismos autónomos dependentes delas, ditando as instrucións oportunas. Este centro directivo estrutúrase en tres subdireccións xerais (a de Réxime Xurídico e Relacións Laborais; a de Programación e Ordenación de Persoal; e a de Provisión de Postos de Selección de Persoal), e contará tamén cun Servizo de Actualización de Datos do Persoal.

No que se refire á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas, configúrase como órgano de impulso á modernización e reforma da Administración autonómica, para garantir que a mellora continua na xestión, a transparencia, a participación e a responsabilidade sexa unha constante na actuación da Administración, e que os servizos que se lle prestan ao cidadán se desenvolvan con criterios de máxima calidade, eficacia e eficiencia. Este centro directivo exercerá as



súas competencias sobre todas as consellerías, organismos dependentes, centros, servizos e unidades, así como sobre os entes e empresas públicas da administración. As unidades administrativas coas que contará esta dirección xeral serán os equipos de Xestión e Calidade, as subdireccións xerais de Modernización Administrativa, de Infraestruturas Informáticas e Telecomunicacións, e a de Servizos Informáticos e Telecomunicacións, así como o Servizo de Xestión Económica e Contratación.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias conta cunha unidade administrativa; o Servizo de Seguimento Lexislativo e Acordos Parlamentarios. Este centro directivo encárgase de informar e asistir o Goberno nas súas relacións co Parlamento; e facer seguimento do programa lexislativo; organizar e coordinar procesos electorais, entre outras funcións.

A Dirección Xeral de Xustiza exercerá as competencias que lle corresponden relativas á promoción e desenvolvemento do dereito civil especial, á demarcación xudicial, notarial e rexistral, o acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades, a dotación de medios de soporte, normalización lingüística e a cooperación coa Administración de Xustiza, a xestión dos médicos forenses e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza. No exercicio das súas competencias, correspóndenlle as relacións ordinarias cos órganos do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional. Na súa estrutura intégranse as Subdirección Xeral de Planificación Orzamentaria, Medios e Novas Tecnoloxías da Administración de Xustiza; a Subdirección Xeral de Relacións e Recursos Humanos da Administración de Xustiza; e o Servizo de Programas e Estudos.

En canto á Dirección Xeral de Interior, estrutúrase en dúas subdireccións xerais: a de Xogo, Asociacións e Espectáculos Públicos e a de Seguridade e Réxime Interior. Este departamento debe encargarse da xestión e resolución dos asuntos que lles corresponden en materia de interior (casinos, xogos e apostas; asociacións; e espectáculos públicos); e en materia de seguridade (servizos de seguridade, policía locais, persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta, cooperación con forzas e corpos de seguridade do Estado, prevención e seguridade....).

A Dirección Xeral de Protección Civil exercerá a dirección, coordinación e execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de protección civil e atención de emerxencias, tales como prevención e previsión de riscos, planificación da protección civil, intervención e atención das emerxencias e restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia. Encargarase tamén da dirección do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación. Así mesmo, corresponderalle a esta dirección xeral a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contra incendios e salvamento



locais sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlle á Dirección Xeral de Administración Local. Estrutúrase en dúas subdireccións xerais, a de Avaliación e Planificación da Prevención de Riscos e a de Atención ás Emerxencias e Calidade da Protección Civil.

Por último, a Dirección Xeral de Administración Local ten dúas unidades administrativas, as subdireccións xerais de Xestión Cooperación e Réxime Xurídico; e de Relacións Xurídico-Administrativas coas Entidades Locais e desenvolvemento normativo. É o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma no que se refire á relación coas corporacións locais; formulación e xestión de programas formativos en materia de Administración local; fomento da colaboración con entidades locais galegas; desenvolvemento da Lei de Administración local de Galicia; impulso do proceso de incorporación do galego á administración local e o fomento da incorporación das novas tecnoloxías, entre outras funcións.



NOS VINDEIROS TRES ANOS NON SE PODERÁ INCREMENTAR O NÚMERO DE MÁQUINAS TIPO B EN GALICIA, SEGUNDO UN DECRETO APROBADO HOXE POLO CONSELLO

O Goberno galego aprobou esta mañá na reunión semanal do Consello da Xunta o decreto polo que se establece o plan de máquinas de xogo tipo B na Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto deste regulamento é a planificación das máquinas no ámbito territorial de Galicia.

Segundo se recolle no texto aprobado hoxe, durante os tres anos seguintes á entrada en vigor do decreto as autorizacións de explotación de máquinas recreativas de tipo B que outorga a Comunidade Autónoma quedarán limitadas a 13.756 (o número total rexistrado na actualidade), salvo que se trate da modificación dunha xa existente, polo procedemento de troco ou de cambio de titularidade.

Na disposición adicional do decreto modifícase o artigo 7 do decreto de 1998 polo que se aproba o Regulamento de máquinas e de azar. Así, consideraranse máquinas tipo B aquelas que a cambio dun prezo lle permiten ao usuario un tempo de recreo e, eventualmente, obter un premio en diñeiro que non pode exceder de 400 veces o prezo máximo da partida simple ou de 600 veces o prezo máximo da partida dobre simultánea; así como as máquinas expendedoras que incorporen algún elemento de xogo, envite ou azar e non corresponde o importe solicitado para a obtención do produto ofertado co seu valor de mercado.

O texto do decreto aprobado hoxe xa fora informado favorablemente no pasado mes de outubro pola Comisión do Xogo de Galicia, na que participan representantes da Administración autonómica e do sector.

A limitación das autorizacións de máquinas recreativas tipo B céntrase na necesidade de planificar o xogo tendo en conta a realidade, a incidencia social nel, as súas repercusións económicas e tributarias, a necesidade de diversificar o xogo e non fomentar o seu hábito, así como impedir actividades monopolísticas.



VILAGARCÍA DE AROUSA ASUME NOVAS COMPETENCIAS NO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO SALNÉS TRALA REFORMA DOS SEUS ESTATUTOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se procede a modificación dos estatutos do Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Salnés. A medida ten como fin reafirmar as bases do Plan Galego de Dotación de Parques contra Incendios Urbanos para garantir un servizo integrado de extinción de incendios en toda a Comunidade Autónoma.

A modificación supón a reforma do artigo 21 de ditos estatutos, referente aos gastos de funcionamento do consorcio, ademais de engadir un Anexo II no que se recolle as obrigas que asume o Concello de Vilagarcía en relación ao servizo.

Cambios nas contribucións ao consorcio

A reforma do artigo 21 supón unha redistribución das contribucións dos entes consorciados para o sufragamento dos gastos do parque. Na fase de construción e equipamento, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra aportarán cada un o 40% dos gastos totais e do 20% restante se farán cargo os concellos consorciados. Os gastos de funcionamento irán a cargo da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra a partes iguais. En caso de se producir ingresos superiores aos previstos inicialmente no orzamento do Consorcio, irán destinados a actuacións adicionais ás previstas ou ben a diminuír as achegas que lle corresponden ás partes consorciadas.

Contribucións do Concello de Vilagarcía de Arousa

A modificación dos estatutos supón engadir un Anexo II que recolle un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións e medios entre o Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Salnés e o Concello de Vilagarcía de Arousa, no relativo á prestación dos Servizos de Protección Civil e Prevención e Extinción de Incendios.

Establécese que o Consorcio da comarca do Salnés prestará o seu servizo en condicións de igualdade no territorio dos nove concellos integrantes, con medios e persoal da sede principal de Ribadumia e da subsede de Vilagarcía de Arousa.

En materia de emerxencias tanto o Concello como o Consorcio participarán activamente seguindo un protocolo de actuación cando sexa necesario a intervención de medios das outras administracións. Segundo este protocolo, serán os bombeiros do Consorcio os primeiros en desprazarse e actuar cando se produza unha emerxencia, se fose necesario acudirán os servizos de emerxencias do Concello de



Vilagarcía de Arousa. Nos incendios ou situacións de extrema gravidade, constituirase o Posto de Mando Avanzado (PMA) dende o que se dirixirán as funcións de todo o grupo que estea actuando nese momento. O PMA estará composto por un director técnico, un mando único (o alcalde ou alguén en quen delegue), o xefe de unidade de Protección Civil e os técnicos de distintas administracións ou outras persoas que o Comité de Dirección decida.

A subsede de Vilagarcía de Arousa aportará persoal para cumprir coas tarefas de comunicación interna e externa, mantemento actualizado do rexistro e ao arquivo, colaboración na realización de informes especiais, recompilación de datos para elaborar o control estadístico e xestión dos partes de intervención do servizo e confección de estadísticas, así como calquera outra función que estableza a unidade operativa do Parque. Estas funcións levaranse a cabo no edificio da subsede de Vilagarcía de Arousa. O persoal aportado polo Concello non manterá relación laboral co Consorcio ou coa empresa concesionaria do servizo, dependendo pois do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Por último, cómpre salientar que segundo este anexo o Concello de Vilagarcía queda exento de efectuar a achega económica para gastos de funcionamento do Consorcio debido a contribución ao desenvolvemento do servizo.



A NOVA ESTRADA DE ENLACE ENTRE MOS E O PORRIÑO MELLORARÁ A SEGURIDADE VIARIA NA ZONA

- *O Consello da Xunta declarou a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos e bens afectados por esta infraestrutura*

O Consello da Xunta declarou, na súa xuntanza de hoxe, a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da nova conexión da N-120 en Mos, coa PO-331, no Porriño.

Trátase dunha nova infraestrutura que ten por obxecto, ademais da mellora das comunicacións entre Mos e O Porriño, mellorar a seguridade viaria nesta zona. En definitiva, o citado treito configúrase como unha variante de poboación que permitirá evitar que polo centro do Porriño circulen vehículos de mercadorías perigosas así como o paso de tráfico pesado e lixeiro que se xera na autovía.



APROBADO O DECRETO DE NOMEAMENTO DOS NOVOS VOGAIS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta tamén aprobou o Decreto de cese dos anteriores vogais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous Decretos polos que se cesan os anteriores vogais do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia e se nomean aos novos vogais.

O Consello de Administración é o órgano superior colexiado de dirección do ente público Portos de Galicia. Todos os seus vogais son nomeados por proposta do presidente do ente, agás os representantes da Administración autonómica, que os nomean os respectivos conselleiros.

Por parte da Xunta de Galicia, no Consello de Administración do Portos de Galicia foron nomeados dous vogais en representación da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, catro vogais en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, un en representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, un pola Consellería de Economía e Facenda, un pola Consellería de Innovación e Industria e outro máis pola Dirección Xeral de Turismo.

Así mesmo, hai outros dezaoito vogais en representación das Federacións Provinciais de confrarías de A Coruña, Lugo e Pontevedra; das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña, Lugo e Pontevedra, das Administracións Locais, e das Federacións e Clubs náutico-deportivo galegos.



POLÍTICA TERRITORIAL CEDE AO CONCELLO DE ARTEIXO A TITULARIDADE DO TRAMO URBANO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-411

- **Trátase dunha vía que alberga exclusivamente tráfico urbano, xa que o interurbano discorre pola AC-552**

O concello coruñés de Arteixo pasará a ter a titularidade do tramo urbano da estrada AC-411 ao seu paso por dita localidade, segundo establece o Decreto da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Trátase dun treito de 3.300 metros de lonxitude que non da continuidade a un itinerario de interese autonómico, xa que existe una vía alternativa (a AC-552) que canaliza os tráfico interurbanos. Ademais, o dito tramo de vía ten un carácter marcadamente urbano por mor do tráfico que percorre este traxecto e pola beirada de edificacións nunha parte importante do seu trazado.

Cabe recordar que a Lei de Estradas de Galicia establece que “as estradas autonómicas, provinciais ou os treitos delas nos que a circulación adquira características urbanas, se entregarán aos concellos respectivos”.

O acordo do Consello da Xunta de hoxe arranxa dun convenio asinado o pasado mes de xullo entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Arteixo para a reparación e cambio de titularidade da estrada AC-411 Arteixo-Arteixo. Antes de formalizarse a cesión ao concello, a CPTOPT investiu 259.523 euros en obras de reparación e reforzo da calzada.

Unha vez asumida a súa titularidade, o Concello de Arteixo correrá con tódas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da devandita vía, e calquera outra que lle corresponda como Administración titular dese tramo.



A CPTOPT INVESTIRÁ PRETO DE 1 MILLÓN EUROS NA URBANIZACIÓN DUNHA RÚA E CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA NO BARCO DE VALDEORRAS

- *Política Territorial duplicou o orzamento inicialmente previsto para as ditas obras*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 932.179 euros na urbanización da Rúa Portela e na construción dunha pasarela peonil en Viloría, no concello ourensán do Barco de Valdeorras.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización dunha addenda ao convenio asinado o pasado mes de xullo para este fin, segundo a cal case que se duplica o orzamento inicialmente previsto para acometer as ditas obras e que estaba cifrado en 488.500 euros.

O incremento orzamentario vén xustificado debido a que a pasarela anteriormente proxectada tiña unha lonxitude similar a outras xa existentes na zona. Non obstante, tras consultar coa Confederación Hidrográfica do Norte e, en previsión de efectos adversos por mor de enchentas no río Sil, considerouse necesario ampliar a lonxitude da pasarela o que implica tamén levantala ao dobre da altura prevista.

Doutra banda, cabe salientar que, unha vez realizadas as obras da rúa Portela e logo da tramitación e aprobación do expediente de traspaso de titularidade polo Consello da Xunta, o concello do Barco de Valdeorras asumirá a explotación, mantemento e conservación desta obra.



TRANSFERIDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN O IES FOGAR PROVINCIAL PRÍNCIPE FELIPE DE PONTEVEDRA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto polo que se traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia o Instituto de Educación Secundaria Fogar Provincial Príncipe Felipe da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo recolle o decreto, transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións que como administración educativa lle correspondían ata o momento á Deputación Provincial de Pontevedra sobre o centro público Fogar Provincial Príncipe Felipe.

Deste xeito traspásase á Comunidade Autónoma de Galicia os medios persoais e materiais do IES Fogar Provincial Príncipe Felipe. O traspaso será efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2006.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ESTRUTÚRASE NUNHA SECRETARÍA XERAL, CATRO DIRECCIÓN XERAIS E OUTRAS CATRO DELEGACIÓNS PROVINCIAIS

- ***Segundo o decreto aprobado hoxe, a recién creada Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG contará cunha subdirección xeral, e esta, á súa vez, co Servizo de Promoción e Xestión Técnica***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Segundo o documento lexislativo, a Administración educativa conta cunha Secretaría Xeral, as Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa; Formación Profesional e Ensinanzas Especias; de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG; e as catro delegacións provinciais.

A estrutura orgánica de Educación inclúe tamén varios órganos colexiados como son os Consellos Escolar de Galicia, o Galego de Universidades, o Galego de Educación e Promoción de Adultos, o Galego de Formación Profesional e a Comisión Asesora de Formación do Profesorado. Ademais, adscríbese a esta Consellería a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

Segundo o decreto, a Consellería de Educación é o órgano da Administración galega á que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión; a coordinación do sistema universitario e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego. Ademais, o documento establece que a conselleira ou conselleiro é a autoridade superior deste departamento.

Secretaría Xeral: catro subdireccións, dous servizos e dúas unidades

O decreto que establece a estrutura orgánica de Educación establece que a Secretaría Xeral conte con catro subdireccións xerais: Persoal; Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios; Construcións e Equipamento e Sistemas Informáticos. Ademais, intégranse na Secretaría Xeral os servizos Técnico Xurídico e de Coordinación Administrativa e as unidades de Asesoría Xurídica e de Intervención Delegada.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa será a encargada, entre outras funcións, da elaboración de propostas de creación, supresión, transformación, clasificación, autorización e organización dos centros escolares públicos e privados. Ademais, correspóndelle a ordenación, elaboración e renovación dos programas educativos das ensinanzas non universitarias de réxime xeral. Esta dirección xeral



contará, para o exercicio das súas funcións, con tres subdireccións xerais: de Centros, Ordenación Educativa e de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a ordenación académica da FP e das ensinanzas de réxime especial e adultos; a xestión das axudas procedentes do Fondo Social Europeo para a mellora do sistema de FP e a xestión dos programas europeos, entre outras competencias. Este departamento conta coas subdireccións xerais de Formación Profesional, e de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

Universidade e Investigación

Segundo establece o decreto aprobado hoxe, a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias serán competencia da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Este departamento tamén será o encargado de elaborar a proposta e a execución dos plans específicos de apoio á formación e actualización do persoal docente das universidades galegas e de orientación e apoio económico aos estudantes universitarios. Para o exercicio das súas funcións, este departamento contará coa Subdirección Xeral de Universidades.

Finalmente, correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG a promoción e a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de Innovación. Esta xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG. Este departamento contará coa Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, que disporá do Servizo de Promoción e Xestión Técnica para o exercicio das súas funcións.

O decreto da estrutura orgánica da Consellería de Educación establece que en cada unha das catro provincias exista unha Delegación Provincial que contarán cunha secretaría da Delegación; os servizos provinciais de Inspección Educativa; de Persoal; de Recursos Educativos Complementarios; de Programación e Contratación; e a Unidade Técnica.



APROBADOS OS DECRETOS CURRICULARES DOS CICLOS FORMATIVOS SUPERIORES DE IMAXE, LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO E EN PROCESOS DE CONFECCIÓN INDUSTRIAL

O Consello da Xunta aprobou os decretos polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnicos superiores en imaxe, en laboratorio de diagnóstico clínico e en procesos de confección industrial.

Mediante o establecemento do currículo do ciclo formativo correspondente ao título de técnico superior en imaxe preténdese facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para definir e obter imaxes fixas ou móbiles, en calquera soporte e formato, por medios fotográficos, cinematográficos ou videográficos. Ao mesmo tempo, unha vez rematadas estas ensinanzas, os alumnos que realicen este ciclo disporán tamén da formación necesaria para iluminar espazos escénicos, determinando e controlando a calidade técnica, formal e expresiva. Este técnico actuará, de ser o caso, baixo a supervisión xeral de arquitectos, enxeñeiros ou licenciados e/ou arquitectos técnicos, enxeñeiros técnicos ou diplomados.

Para obter a formación axeitada para o desenvolvemento destas tarefas, os alumnos que sigan estes estudos deberán completar un total de doce módulos que supoñen 1.565 horas de formación no centro educativo e 380 de prácticas en centros de traballo. En canto aos módulos que se impartirán no centro educativo, abordarán materias como a imaxe fotográfica (270 horas), a iluminación de espazos escénicos (240 horas), as aplicacións fotográficas (235 horas), e a imaxe audiovisual (200 horas). Así mesmo, os alumnos deberán cursar un módulo de 80 horas sobre administración, xestión e comercialización na pequena empresa, e outro de 55 horas sobre as relacións no contorno de traballo. Ademais, o currículo recolle un módulo profesional de proxecto integrado, que ten unha duración de 90 horas.

Por outra banda, o módulo de formación en centros de traballo capacitará aos alumnos para participar no mantemento de equipamentos audiovisuais e na organización de proxectos fotográficos, ao tempo que posibilitará a súa intervención nas actividades e nas xestións empresariais e comerciais propias do sector, comunicándose con empresas, clientes, empregados e profesionais. Pola súa vez, os alumnos deste ciclo formativo estarán capacitados, unha vez rematados os estudos, para operar con tecnoloxías punteiras do sector e valorar os cambios que introducen no traballo.



Laboratorio de diagnóstico clínico

O ciclo formativo distribúese en oito módulos e capacitará os alumnos para exercerem a súa actividade profesional no sector sanitario na área de laboratorio de diagnóstico, podendo desempeñar postos de técnico en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico en laboratorio de investigación e experimentación, técnico en laboratorio de toxicoloxía, e delegado comercial de produtos hospitalarios e farmacéuticos, entre outros.

Os alumnos que realicen estes estudos deberán completar 1.540 horas de formación no centro educativo e 380 de prácticas en centros de traballo. Os módulos que se impartirán no centro educativo permitirán aos alumnos obter coñecementos de organización e xestión da área de traballo asignada na unidade de laboratorio de diagnóstico clínico (80 horas), de recollida, preparación e conservación de mostras biolóxicas humanas (295 horas), de fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas (450 horas), bioquímicas (295 horas) e microbiolóxicas (295° horas). Así mesmo, os alumnos deberán cursar un módulo de 55 horas de formación e orientación laboral, e realizar un proxecto integrado, para o que contarán con 70 horas lectivas.

O módulo de formación en centros de traballo, cunha duración de 380 horas, capacitará aos alumnos para recolleren, rexistraren, clasificaren, distribuíren, prepararen e conservaren mostras biolóxicas, así como para participaren no procesamento e nas determinacións analíticas bioquímicas a partir de mostras de soro ou sangue total, e relacionar os resultados coas posibles patoloxías asociadas.

Confección industrial

O Consello da Xunta tamén aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en procesos de confección industrial, co que se pretende facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para a organización, programación e supervisión da execución dos procesos de fabricación industrial de pezas, calzado e artigos téxtiles e de pel, coa fin de garantir o cumprimento das condicións e dos plans de produción establecidos.

O ciclo formativo distribúese en dez módulos e capacitará os alumnos para desempeñaren postos de encargados de sección en corte, cosido e ensamblaxe, pasada do ferro e acabamentos, revisado e reparado, montaxe e terminación de calzado, montaxe e terminación de marroquinaría, ou de control e recepción de materias, de monitor de confección, e de oficina técnica, entre outros.

Os estudos deste ciclo formativo estrutúranse nun total de 1.400 horas (905 de formación no centro educativo, 440 de formación en centros de traballo, e 55 de libre



disposición do centro). Así, os módulos que se impartirán no centro educativo versarán sobre a organización da produción na industria da confección (105 horas), os produtos e procesos de confección (105 e 290 horas, respectivamente), o estudo e calidade das peles (80 horas). Ademais, os alumnos coñecerán os plans de seguridade na industria téxtil, de confección e de pel, a través da realización dun módulo de 55 horas de duración. Por outra banda, os estudantes deste ciclo formativo deberán cursar dous módulos, de 55 horas cada un, sobre relacións no contorno de traballo e formación e orientación laboral. Por último, elaborarán un proxecto integrado que está recollido nun módulo de 55 horas.

Por último, durante as 440 horas que deberán completar en centros de traballo efectuarán a preparación e a posta a punto de máquinas de confección de pezas de vestir ou complementos, conseguindo a calidade establecida. Este módulo capacitará tamén os futuros profesionais para cumprir os tempos de fabricación, asignar as cargas de traballo e realizar o equilibrio da cadea de produción. Ademais, os alumnos poderán levar a cabo o control de calidade da produción de artigos de vestir ou complementos, e xerar a información das actuacións operativas do proceso.



APROBADO O DECRETO DE NOMEAMENTO DE MANUEL PUGA PEREIRA COMO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de nomeamento de Manuel Puga Pereira como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Natural de Redondela (Pontevedra), Manuel Puga Pereira é licenciado en Ciencias Biolóxicas e Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela e doutor en ciencias pola mesma Universidade. Completou a súa formación académica con estadias en Macclesfield Works, U.K. en 1986 e con intercambios con outras factorías europeas do grupo AstraZeneca.

Participou en numerosos cursos de especialización na industria farmacéutica e en técnicas de xestión empresarial, impartidos por ICI Training & Development Group e Zeneca Pharmaceuticals e por outras entidades internacionais de formación.

Comezou a súa vida profesional no ámbito académico no Departamento de Edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e no Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia.

En 1981 incorporouse ao mundo industrial da man de Laboratorio Farmacéuticos ICI-Farma. Nesta empresa foi director de Operacións en O Porriño.

É membro do Padroado de Fundación Empresa Universidade de Galicia (FEUGA) e da Xunta Directiva de Feique e desde 2002 ocupa a Presidencia da Xunta Directiva da Fundación Galicia-Empresa.

Manuel Puga colaborou tamén en diversos proxectos de investigación e ten publicados unha serie de traballos sobre temas relacionados coa súa especialización en revistas nacionais e internacionais. Ademais, participou en congresos e conferencias impartidas en Londres, Edimburgo, Dublín, Bruxelas, Reims e Hong Kong.

Forma parte da Asociación Española de Farmacéuticos da Industria e foi galardoado co Premio Federico Maciñeira que concede a Deputación Provincial de A Coruña. Ademais, é membro académico numerario da Academia de Farmacia de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE RETOMA A CONSTRUCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NA PONTEPEDRIÑA (SANTIAGO)

- **O departamento que dirixe Ánxela Bugallo investirá un total de 631.062 euros nesta obra e a consellería de Educación 270.455 euros**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a addenda ao convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago que supón a desparalización da construción dun pavillón polideportivo na Pontepedriña (Santiago).

Esta obra, acordada polas consellerías de Cultura e Educación en 2004, fora bloqueada pola cualificación urbanística que posuía a parcela posta a disposición polo Concello e que supoñía a imposibilidade de levar a cabo as obras pretendidas, polo que se precisaba unha modificación do Plan Parcial 1 do SUP-3 na Pontepedriña.

Unha vez solventado este problema, o Consello da Xunta vén de aprobar unha 'addenda' para ampliar o convenio que permitirá rematar as obras. En virtude deste documento, a Consellería de Cultura investirá 223.072 euros en 2006 e 320.039 en 2007, cun importe total de 631.062. Pola súa banda, o departamento de Educación investirá no ano que entra 270.455 euros, que supón o total da súa achega.



O SERGAS PRORROGA OS CONTRATOS PROGRAMA ASINADOS CON MEDTEC E MEDICINA XENÓMICA CON CASE 23 MILLÓNS DE EUROS

- *Este importe destínase á xestión sanitaria e consultoría especializada no caso do Medtec, e á prestación de servizos de asistencia sanitaria e outras actividades de apoio á atención sanitaria, no eido da Medicina Xenómica*
- *Por outra banda, incrementase o financiamento para ampliar a actividade inicialmente pactada coa Escola Galega de Administración Sanitaria por un importe de 197.200 euros*

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe aprobou o acordo polo que se prorrogan os contrato programa asinados entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o Instituto de Medicina Técnica (Medtec) e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, por un importe total de preto de 23 millóns de euros.

Por outra banda, nesta mesma reunión do goberno galego, modifícase unha das cláusulas do convenio de colaboración do departamento sanitario que dirixe María José Rubio Vidal coa Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) coa fin de incrementar a actividade docente inicialmente pactada, por un importe de 197.200 euros.

Así, cun importe de 22.192.009 euros, acórdase a prórroga do contrato programa entre o Sergas e a Sociedade Pública Autónoma Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec) para a xestión sanitaria e a consultoría especializada.

Pola súa banda, e cun importe estimado de 738.780 euros, prorrógase igualmente o contrato programa asinado entre o Sergas e a Fundación Galega de Medicina Xenómica para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria nos centros hospitalarios da rede do Sergas.

Ambas as dúas prórrogas dos contratos programa entrarán en vigor o 1 de xaneiro do 2006 e rematarán o 31 de decembro de mesmo ano.



O SERGAS DESTINARÁ MÁIS DE 55 MILLÓNS A FINANCIAR A ASISTENCIA SANITARIA DAS FUNDACIÓNS HOSPITALARIAS EN 2006

O Servizo Galego de Saúde e as fundacións públicas hospitalarias asinarán o acordo de prórroga do seu contrato-programa por un importe total superior aos 55 millóns de euros. Así, as fundacións hospitalarias continuarán durante o ano 2006 prestando os servizos de asistencia sanitaria e outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria contratados co Sergas.

Para dar continuidade á prestación de servizos asistenciais médico-cirúrxicos, o Hospital do Salnés disporá dun orzamento que ascende a un total de 15.480.531 euros. O orzamento para o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee ascende a 13.394.519 euros.

O Sergas tamén seguirá contando cos servizos asistenciais do Hospital de Verín que financia con 11.296.578 euros.

A achega económica do Sergas ao Hospital da Barbanza en Ribeira ascende a 15.071.885 euros. Ademais, continuará en vixencia durante o 2006 o programa de prestación farmacéutica no Centro de Atención a Persoas Maiores de Ribeira, para o que se estima un orzamento de 147.121 euros. O total destinado ao Hospital da Barbanza é de 15.219.006 euros.

Así o importe total dos convenios que asinará o Sergas ascende a 55.390.634 euros.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA REALIZARÁN UN ESTUDIO SOBRE HÁBITOS ALIMENTARIOS EN GALICIA

A Consellería de Sanidade quere coñecer a frecuencia de consumo de alimentos e a inxesta de enerxía, macronutrintes, vitaminas e minerais da poboación galega maior de 18 anos de idade. Tamén quere determinar a prevalencia de sobrepeso e obesidade da poboación. E por último, estimar a prevalencia de determinados hábitos e estilos de vida como a actividade física da poboación galega.

Para todo isto, a Consellería de Sanidade asinará un convenio que hoxe autorizou o Consello da Xunta, e que o departamento sanitario porá en marcha coa Universidade de A Coruña e coa FUAC (Fundación Universidade de A Coruña).

O departamento que dirixe María José Rubio Vidal considera a alimentación como un dos factores primordiais para acadar un estilo de vida saudable. Por iso resulta necesario coñecer os hábitos alimentarios da poboación galega por riba dos 18 anos, para, se procede, modificalos e utilízalos como instrumentos de promoción da saúde e prevención de enfermidades. Outro dos obxectivos de coñecer estes hábitos será poñer en marcha políticas de alimentación e nutrición axeitadas, así como estratexias de control dos alimentos que se poñen no mercado, e das industrias alimentarias.

A FUAC, institución dependente da Universidade de A Coruña sen ánimo de lucro, será a encargada de realizar este estudo xa que ten coma un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten ao desenvolvemento sanitario de Galicia. Tamén prestarán a súa colaboración os investigadores do Instituto Universitario de Ciencias da Saúde da UDC.

A Consellería de Sanidade destinará unha partida de 250.000 euros para a realización desta investigación.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERGAS SUFRAGARÁN CON 300.000 EUROS A UTILIZACIÓN DO HOSPITAL BÁSICO DA DEFENSA EN FERROL DURANTE 2006

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura do convenio co Ministerio de Defensa e a addenda que regulamenta a prestación da devandita asistencia sanitaria*

O Goberno galego deu na súa xuntanza de hoxe o seu visto bo ao convenio entre o Ministerio de Defensa, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para a utilización por parte da sanidade pública galega das instalacións e persoal do Hospital Básico da Defensa de Ferrol durante o ano 2006.

O convenio de colaboración en materia de asistencia sanitaria, así como a addenda que regulamenta a prestación de asistencia sanitaria aos beneficiarios do Sergas foron xa aprobados polo Ministerio de Defensa.

A Consellería de Sanidade destinará ao longo de 2006 un importe de 300.000 euros. Dende o pasado mes de novembro, o Sergas está a enviar pacientes ao Hospital Básico da Defensa de Ferrol grazas a unha autorización de uso.

Este convenio xustifícase pola necesidade de ampliar a oferta asistencial do Sergas en certas áreas para servizos de diagnóstico e tratamento na comarca de Ferrol.

No acordo entre a Xunta e o Ministerio de Defensa, o Hospital Básico da Defensa de Ferrol comprométese á prestación dos devanditos servizos en base a uns programas de coordinación de recursos coas estruturas asistenciais do Sergas, o que garante que os recursos sanitarios sexan planificados segundo os criterios de necesidade dos pacientes.

Cada ano determinarase a actividade que vai levar a cabo o Hospital Básico da Defensa de Ferrol, determinando as variables técnicas, asistenciais, económicas, e de calquera outra índole nas que haberá de materializarse o presente convenio en cada exercicio. As tarifas do convenio revisaranse anualmente en función dos cambios da práctica clínica e cun límite máximo da evolución interanual do IPC galego.

Con este convenio, o Hospital Básico da Defensa participará nos programas de Urgencias e Emerxencias establecidos polo Sergas, especialmente no referido á utilización do heliporto do que dispón o centro médico militar. Tamén participará na asistencia especializada hospitalaria á poboación civil que lle asigne o Sergas.



O Hospital Básico da Defensa de Ferrol prestará soporte estrutural total ou parcial á actividade asistencial do Sergas, así como na realización de actuacións con persoal propio dependente do Ministerio de Defensa.

O Hospital Básico da Defensa de Ferrol atenderá procesos de cirurxía maior ambulatoria e procesos con ingreso hospitalario. O convenio tamén prevé a realización de probas diagnósticas, incluíndo, se son necesarias, as bioopsias e citoloxías de anatomía patolóxica; e a utilización da cámara hiperbárica da que dispón o centro médico militar.

O devandito convenio, exposto hoxe pola conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, no Consello da Xunta, prevé a posibilidade de que excepcionalmente se poderán chegar a acordos puntuais de colaboración.

Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde colaborará co Hospital Básico da Defensa de Ferrol na realización de técnicas e procedementos que non se podan realizar neste centro e sexan convenientes para os seus beneficiarios.

O persoal do Hospital Básico da Defensa de Ferrol poderá participar nos programas de formación organizados polo Sergas, especialmente nos que estean dirixidos ao persoal do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide – Profesor Novoa Santos, e nas actividades científicas que se programen para o incremento da calidade científico – técnica das actuacións sanitarias, de acordo co plan de actividades formativas.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 255.243 EUROS Á CREAMIENTO DUN CENTRO DE INTERPRETACIÓN XEOLÓXICA EN MONDOÑEDO

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible completará o vindeiro ano a construción dun Centro de Interpretación Xeolóxica, que suporá un investimento de 255.243 euros por parte deste departamento autonómico. O proxecto inclúe ademais a creación de novos acceso á cova do Rei Cintolo. O consello da Xunta aprobou hoxe a partida económica que restaba para poder completar esta actuación, cuxo financiamento se distribuiu en tres anualidades, as correspondentes aos anos 2004, 2005 e 2006.

O devandito centro de interpretación terá como obxectivo a divulgación dos valores xeolóxicos, ambientais e científicos comprendidos no espazo natural da Cova do Rei Cintolo e o seu contorno. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Mondoñedo asumirá a explotación, mantemento e conservación do centro de interpretación desta cova, que conta cunha lonxitude de 7.500 metros.



MÁIS DE 600.000 EUROS PARA A MELLORA DO ABASTECIMENTO E A CREACIÓN DUN PASEO FLUVIAL EN GUNTÍN

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), realizará obras de mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias e Lousadela, así como na rede de pluviais do concello lugués de Guntín. O orzamento destas actuacións ascende a 379.178 euros, que serán financiadas integramente pola Eposh.

Ademais deste proxecto, a consellería de Medio Ambiente investirá 229.978 euros no acondicionamento das marxes do río Ferreira, que consisten na execución da segunda fase do paseo fluvial de Guntín. A actuación será financiada integramente pola empresa pública, tal e como se recolle na addenda do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Guntín, a Consellería de Medio Ambiente e a Eposh, aprobado no consello da Xunta de hoxe.



MEDIO AMBIENTE COMPLETA A MELLORA DO SANEAMENTO EN PONTE DA PEDRA, O RÍO MESOIRO, SAN ROQUE E A ÁREA DE INFLUENCIA DO PORTO DE A CORUÑA

A Consellería de Medio Ambiente completará o vindeiro ano diversas actuacións de mellora das redes de saneamento no Concello de A Coruña, que serán financiadas a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), cuxos orzamentos rondan os 10 millóns de euros.

O convenio recolle entre as súas actuacións unha rede de colectores do río Mesoiro, que require un investimento superior aos 5 millóns de euros, que se distribúe en dúas anualidades: 1,7 millóns o presente exercicio e a cantidade restante en 2006. Deste xeito se acordou no consello da Xunta celebrado hoxe no que se aprobou unha addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, a Eposh e o Concello de A Coruña.

Outro dos proxectos que se recollen no convenio son a mellora dos colectores en Ponte da Pedra, do saneamento en San Roque e a ampliación e acondicionamento da rede de colectores na área de influencia do porto de A Coruña.

As obras incluídas no convenio forman parte do Plan Sectorial de Saneamento do contorno das rías de A Coruña e o Burgo e concellos limítrofes, que foi declarado de incidencia supramunicipal polo Consello da Xunta o 3 de febreiro do ano 2000.



A XUNTA INVESTIRÁ 120.000 EUROS NA CREACIÓN DE DOUS SENDEIROS NO CONTORNO DOS RÍOS OURO (Alfoz) e CHANCA (Meaño)

A Consellería de Medio Ambiente creará sendas rutas ambientais no contorno dos ríos Ouro, no concello lugués de Alfoz, e Chanca, no pontevedrés de Meaño. Para realizar esta actuación, o departamento autonómico asinou convenios de colaboración cos concellos implicados. En virtude destes acordos, a consellería destinará 60.000 euros o acondicionamento dun sendeiro no contorno do río Ouro, e a mesma cantidade a crear unha senda paisaxística no Chanca. En ambas as actuacións, que se acometerán ao longo do vindeiro ano, a consellería que dirixe Manuel Vázquez investirá 120.000 euros.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 1,4 MILLÓNS DE EUROS NO SELADO E REXENERACIÓN DO VERTEDOIRO DE SANTIAGO

- *O proxecto de recuperación ambiental inclúe a construción dun punto limpo na zona*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 1.404.684 euros o vindeiro ano no selado e rexeneración do vertedoiro de Santiago, situado na localidade de Piñor. Así se acordou no consello da Xunta celebrado hoxe, no que se aprobou esta actuación que incluírá ademais a construción dun punto limpo na zona, para a recollida selectiva de residuos producidos no ámbito familiar.

Os traballos de recuperación e rexeneración ambiental serán financiados integramente pola consellería, con cargo aos orzamentos do vindeiro ano. En primeiro lugar, levarase a cabo o selado do vertedoiro e a rexeneración da zona e, a continuación faranse as obras de construción do punto limpo, continuando co programa de instalación deste tipo de recintos, programado desde a dirección xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DEDICA INICIALMENTE CASE 3.636.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS EN MATERIA DE EMPREGO

- *Estes programas teñen por obxecto desenvolver plans integrais de emprego nos que se combinen accións como a información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica*
- *Os destinatarios principais son aqueles demandantes que se atopan en especiais dificultades de acceso ao emprego, tales como discapacitados, inmigrantes, ou mulleres con problemas de integración laboral, e aqueles traballadores en situación de desemprego a consecuencia dunha crise empresarial*
- *Na concesión das subvencións marcaranse obxectivos concretos de contratación, de polo menos o 35% dos demandantes participantes nestes programas, cunha duración mínima de seis meses cando sexa contratado por conta allea, e dun ano se se acredita a constitución en autónomos ou por conta propia*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace á orde da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego durante o 2006 e 2007 na comunidade galega.

Estas subvencións teñen por obxecto a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á colocación no mercado de traballo dos demandantes con especiais dificultades de acceso ao emprego, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral. Para a materialización destes proxectos a Consellería de Traballo dedica un orzamento de preto de 3.636.000 euros.

Os programas experimentais de emprego son proxectos que teñen por obxecto o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación práctica laboral e mobilidade xeográfica. Nestes Plans Integrais establécense obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral dos desempregados participantes nos mesmos.

As accións ás que se refire este programa irán orientadas, con carácter xeral, á mellora da ocupabilidade e integración dos desempregados considerados como prioritarios na definición anual do Plan de Acción para o Emprego, é dicir, persoas con discapacidade, inmigrantes, mulleres con problemas de integración laboral, persoas desempregadas en risco de exclusión social, e perceptores de subsidios e prestacións



por desemprego, da renda Activa de Inserción ou da Renda de Integración Social de Galicia. Todos eles deberán figurar inscritos como demandantes de emprego.

Ademais, considéranse destinatarios específicos destes programas aqueles traballadores que se atopen en situación de desemprego como consecuencia dunha crise empresarial que provocara a extinción da súa relación laboral.

Os programas establecerán obxectivos cuantificados de inserción laboral das persoas desempregadas participantes neles, de polo menos o 35% dos demandantes de emprego atendidos durante o desenvolvemento do programa. Considérase que a inserción laboral conseguiuuse cando o desempregado sexa contratado por conta allea por unha duración non inferior a seis meses, ou cando, durante un período mínimo dun ano, se acredite a constitución en traballadores autónomos ou por conta propia das persoas desempregadas participantes no dito plan.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións, para o desenvolvemento dos programas, as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia na realización de accións dirixidas ao acompañamento aos desempregados en proceso de inserción laboral por conta allea ou propia.

O prazo de execución destes plans experimentais será, como máximo, de doce meses.



PRESIDENCIA

Secretario Xeral de Relacións Exteriores

Santiago Gómez-Reino Lecoq

Naceu en Ourense, o 25 de xullo de 1945

Licenciouse en Dereito pola Universidade de Sevilla e en Administración de Empresas en Icade. É máster en Dereito Europeo polo Colexio de Europa (Bruxas).

En 1969 incorporouse como técnico á Administración Civil do Estado no Ministerio de Industria. En 1971 entrou no departamento comercial dunha empresa financeira (LICO) e en 1972 foi nomeado director de estudos da asociación de empresas SERNAUTO. Entre 1974 e 1975 estivo en APROCE (Consulting baseado en Bruxelas sobre as actividades e políticas da Comunidade europea).

En 1976 entra, por oposición, no Consello de Europa en Estrasburgo, función que desenvolve ata o ano 1982 cando pasa a ser director de gabinete de Manuel Marín, primeiro como Secretario de Estado de Asuntos Europeos e despois como Comisario da Comisión Europea.

En 1990 ocupa o cargo de xefe da delegación da Comisión Europea en Zimbawue ata o ano 1992, ano en que foi nomeado director da Oficina Humanitaria da Comisión Europea en Bruxelas.

Desde 1997 a 1999 desenvolve a súa labor de director xeral adxunto da Dirección Xeral da Comisión Europea responsable das relacións de América Latina, Asia do Sur, Mediterráneo e Medio e Próximo Oriente. Posteriormente foi director adxunto da Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Comisión Europea e conselleiro especial na Dirección xeral de Persoal e Administración da Comisión Europea.